



CIRCULAR 69-2022.

XXXVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 16

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o 26 de xuño o XXXVIII Xunta de Galicia Campionato de Galicia de Clubs Sub 16 nas pistas de atletismo de Monterrei en O Pereiro de Aguiar.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas da categoría Sub 16 que teñan licenza pola F.G.A. na tempada 2022.

Art.3).- Cada club estará representado por un/ha atleta en cada proba, e cada atleta poderá participar en 2 probas individuais ou 1 proba individual e un relevo, ou 2 relevos. En caso de carreiras só unha poderá ser superior a 300m.

Art.4).- Os Clubs interesados en participar deberán completar na intranet (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) o estadillo de marcas antes do 19 de xuño. Valerán as marcas dende a tempada 2021 dos/as atletas con licenza por ese club na tempada actual, aínda que no 2021 teñan estado noutro club.

As probas a puntuar serán as seguintes:

100 (60i), 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (60v i), 300v, 1.500 m. Obs, ALTURA, LONXITUDE, TRIPLO, PÉRTEGA, PESO, DISCO, XAVELINA, MARTELO, 3.000 e 5000 marcha. Todas as probas a excepción das exclusivas de PC (60 y 60mv) puntuaranse coa táboa de AL

Nos lanzamentos poderán inscribirse con marcas das categorías Sub 14 . O estadillo completárase cos mesmos criterios de participación (*cada atleta poderá participar en 2 probas individuais ou 1 proba individual .En caso de carreiras só unha poderá ser superior a 300m.)*

Proba	Proba en táboa	Produto de marca
100 mv H	110 mv	aumentar un 15%
80 mv H	110 mv	aumentar un 25 %
80 mv M	100 mv	aumentar un 25 %
300 mv h	400 mv	aumentar un 38%
220 mv	300 mv	aumentar un 75%
1500 obs	2000 obs	aumentar un 40%
1000 obs	2000 obs	aumentar un 115%

Unha vez aceptados os 8 mellores estadillos en homes e os 8 en mulleres abrírase o prazo de inscrición ata o mércores 22 de xuño as 20:00.

Art.5).- Respecto ao número de actuacións de atletas de clubs asociados aplicarase a normativa da RFEA (máximo 6 participacións).



Art.6).- Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión masculino e outro feminino.

Art.7).- O programa de probas a disputar será o seguinte:

Homes:

100, 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (0,91), 300v (0,84), 1.500 m.Obstác (0,762), ALTURA, LONXITUDE, TRIPL0, PÉRTEGA, PESO (4kg), DISCO (1kg), XAVELINA (600g), MARTELO (4kg), 5.000 marcha, 4x100 e 4x300 m.

Mulleres:

100, 300, 600, 1.000, 3.000, 100v (0,762), 300v (0,762), 1.500 m.Obstác, ALTURA, LONXITUDE, TRIPL0, PÉRTEGA, PESO (3kg), DISCO (800g), XAVELINA (500g), MARTELO (3kg), 3.000 marcha, 4x100 e 4x300 m.

Art.8).- O sistema de puntuación establecerase outorgando ó/á primeiro/a atleta N puntos, sendo N o número de equipos participantes; ao segundo N-1; ó/á terceiro/a N-2 e así sucesivamente. O equipo que obteña maior número de puntos proclamarase Campión de Galicia e así sucesivamente. En caso de empate analizarase os primeiros postos conseguidos para establecer o campión. En caso de persistir o empate serán analizados os segundos postos, etc. Se un club no completa 14 probas quedará excluído da clasificación final sen variar os puntos nin a N.

Art.9).- Para que un Club poida tomar parte deberá cubrir un mínimo de 14 probas.

Art.10).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.

Art.11).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.12).- Os/as atletas disporán de catro intentos nos concursos agás nos saltos verticais. Non haberá cambio de orde do terceiro ó cuarto intento.

Art.13).- Alturas dos listóns:

Colocaranse á altura máis baixa das solicitadas polos/as atletas e permitida pola instalación. As cadencias publicaranse co horario definitivo e inscritos/as.

Art.14).- O sorteo de rúas e orde de actuación nos concursos realizarase na FGA e comunicado ós clubs unha vez rematado o prazo de pre-inscrición e publicados os admitidos.

Art.15).- Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.



Art.16).- Horario provisional

XXXVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 16							
HORA	PROBA	SEXO	ALTURA	LANZ. LONGO	PESO	FOSO	PÉRTEGA
16:15	300 mv	Mulleres		Xavelina Mulleres	Homes	Lonx. Homes	Homes
16:31	300 mv	Homes					
16:47	100	Homes					
16:55	100	Mulleres					
17:03	600	Homes					
17:11	600	Mulleres		Xavelina Homes			
17:19	1000	Homes	Mulleres			Lonx. Mulleres	
17:27	1000	Mulleres					
17:35	3000	Homes					Mulleres
17:51	3000	Mulleres		Disco Homes			
18:07	300	Homes					
18:15	300	Mulleres					
18:23	1500 Obs	Homes				Triplo Homes	
18:39	1500 Obs	Mulleres	Homes	Disco Mulleres			
18:55	100 mv	Homes					
19:03	100 mv	Mulleres			Mulleres		
19:11	3000 marcha	Mulleres					
19:11	5000 marcha	Homes					
19:27				Martelo Homes		Triplo Mulleres	
19:45	4x100	Homes					
19:54	4x100	Mulleres					
20:03	4x300	Homes		Martelo Mulleres			
20:10	4x300	Mulleres					

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI, Licenza ou calquera documento oficial con foto)

Carreiras	7 m. antes hora oficial da proba	
Carreiras valadas	12 m.	"
Concursos (agás pértega)	20 m.	"
Pértega	30 m.	"

*Cámara de chamadas: 5 m antes da saída á pista

* Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada.

* A homologación de artefactos de lanzamento pechará 1h antes do horario da súa proba.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.17) A responsabilidade das inscricións dos atletas, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.18).- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación.

Art.19).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.20).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 15 de xuño de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo